

Medicina

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A familia cos ollos bicolores

Na portada de *El Progreso* do 17 de abril de 1966 aparecía, sobre unha gran foto co rostro do protagonista, este reclamo: “Un labrador de Pastoriza tiene los ojos bicolores”.

O home chamábase Eliseo Gómez Rivas, solteiro, de 47 anos, Residía cunha irmá no lugar das Coroas, en Reigosa da Pastoriza.

Eliseo tiña —como se podía apreciar nunha foto, a pesar de ser en branco e negro— un ollo azul claro e outro castaño escuro. No desenvolvemento da noticia, con fotografías de Vega, o xornalista Ángel de la Vega afirma que houbo outros casos de ollos bicolores naquela familia na que tamén hai varios xordomudos. Non hai que descartar que fosen da xenealoxía cunqueiría de Padín de Carracedo.

BIBLIOGRAFÍA

El Progreso, 17 de abril de 1966.

REIGOSA, A.: El Progreso, 7 de marzo de 2022, p. 47.

SOLLA, C. (2021): Crónica da Galiza bizarra. Morgante. Cangas do Morrazo.: pp. 283-284.